

RESOLUCIÓN

PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS DA TESOURERÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Emítase pola Tesourería Provincial proposta de aprobación do Plan de Disposición de Fondos da Deputación Provincial de Ourense co contido que se reproduce a continuación:

PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS DA TESOURERÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A xestión da tesourería esixe dispor de instrumentos adecuados que garantan a liquidez suficiente para o puntual pago das obrigacións e optimice o emprego dos recursos financeiros.

O Plan de Disposición é un instrumento de planificación da Tesourería provincial no que se recollen os criterios a aplicar na expedición das ordes de pago e a orde de prioridade na materialización dos mesmos.

Ata este momento a Tesourería da Deputación Provincial de Ourense non contou con este instrumento de planificación por consideralo innecesario, dado que a suficiencia financeira da mesma permite facer fronte a todas as relacións de pagos que se colocan pola Intervención na Tesourería cun carácter inmediato, limitada esta inmediatez unicamente ao cumprimento dos procesos de recollida de sinaturas, envío de ficheiro de pagos orzamentarios de máis de 2.000 euros a AEAT (modelo 997) e, no seu caso, retención dos pagos indicados pola AEAT por un período de sete días naturais ata que chegue ou non a dilixencia de embargo. Se, transcorrido este prazo de sete días, non se recibe ningunha dilixencia de embargo, pese a retención previa da AEAT, a Deputación pode realizar o pago ós provedores sen necesidade de ningunha autorización expresa. Basicamente estas son as demoras que se producen na realización material dos pagos pola Tesourería Provincial, polo que desde un punto de vista práctico e dada a actual existencia de liquidez na Deputación non resultaría necesaria a aprobación dun Plan de Disposición de Fondos.

Así, o período medio de pago, de acordo cos datos remitidos pola Intervención Provincial ó Ministerio de Facenda reflexa unha media anual de 14,06 días no exercicio 2017 e de 24,94 días no exercicio 2018.

Non obstante, considerando a normativa de aplicación que se recolle no punto II deste Plan e especialmente o disposto no artigo 21 do recente Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local que establece que “Están sometidos a intervención formal da ordenación do pago os actos polos que se ordenan pagos con cargo á Tesourería da Entidade Local. Dita intervención terá por obxecto verificar que as ordes de pagamento se dictan por órgano competente, se axustan ó acto de recoñecemento da obriga e se acomodan ó plan de disposición de fondos” parece deducirse a obrigatoriedade de contar cun Plan de Disposición de Fondos, configurándose este como un instrumento indispensable para a fiscalización das ordes de pagamento por parte da Intervención Provincial.

II. FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

O artigo 187 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais establece que “A expedición das ordes de pagamento haberá de acomodarse ó plan de disposición de fondos da tesourería que se estableza polo presidente que, en todo caso, deberá recoller a prioridade dos gastos de persoal e das obrigas contraídas en exercicios anteriores.”

O artigo 65.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, engade que o plan de disposición de fondos considerará aqueles factores que faciliten unha eficiente e eficaz xestión da tesourería da Entidade.

O artigo 135 da Constitución Española, modificado o 27 de setembro de 2011, dispón no seu apartado 3 que os créditos para satisfacer os xuros e o capital da débeda pública das Administracións entenderáanse sempre incluídos no estado de gastos dos seus orzamentos e o seu pago gozará de prioridade absoluta.

O artigo 107 da Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, establece no seu apartado 2 que “O Ordenador de Pagos aplicará criterios obxectivos na expedición das ordes de pagamento, tales como a data de recepción, o importe da operación, aplicación orzamentaria e forma de pagamento, entre outros.”

O artigo 14 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira, dispón no seu parágrafo segundo que “O pago dos xuros e o capital da débeda pública das Administracións Públicas gozará de prioridade absoluta fronte a calquer outro gasto.”

En consecuencia, cos fundamentos xurídicos reseñados, se precisa contar cun Plan de Disposición de Fondos, como instrumento necesario para a xestión da tesourería, e por todo isto, e de conformidade co disposto no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Tesourería Provincial **PROPÓN** a aprobación do seguinte Plan de Disposición de Fondos:

III. PLAN DE DISPOSICIÓN DE FONDOS.

PRIMEIRO.- Principios xerais e ámbito de aplicación.

- a) O Plan de Disposición de Fondos da Tesourería da Excm. Deputación Provincial de Ourense ten por obxecto conseguir unha adecuada distribución temporal dos pagos acomodándoos ás dispoñibilidades de efectivo previstas na Tesourería Provincial que permita unha correcta estimación das necesidades de endebedamento da Deputación e a optimización do emprego dos recursos dispoñibles.
- b) A xestión dos fondos integrantes da tesourería, salvo disposición legal en contrario, realizarase baixo o principio de unidade de caixa coa centralización de todos os fondos e valores xerados por operacións orzamentarias e por operacións non orzamentarias, ordenándose á Tesourería Provincial a utilización de tódolos recursos dispoñibles para o pago das obrigas.
- c) O Plan de Disposición de Fondos poderá ser revisado ao longo do exercicio en función das modificacións producidas nas dispoñibilidades líquidas efectivas ou previstas da Tesourería.
- d) O presente Plan de Disposición de Fondos será de aplicación no ámbito da Diputación Provincial de Ourense, sen incluír os seus Organismos Autónomos e entes dependentes, que se rexirán polo seu propio Plan.

SEGUNDO.- Prioridades na ordenación e execución material dos pagos.

Cando as disponibilidades de tesourería, certas ou estimadas, permitan atender o pago da totalidade das obrigas recoñecidas vencidas e esixibles a orde de prioridade na ordenación do pago de obrigas dentro de cada grupo homoxéneo será o de antigüidade. A antigüidade virá determinada, segundo os casos:

- a) Nas obrigas soportadas en documentos que sexan obxecto de rexistro de entrada e, en particular, os pagos de obrigas como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas e a Administración, (facturas) pola data de recoñecemento da obriga.
- b) Nas obrigas soportadas en documentos que non se corresponda con débeda comercial, e, en particular, os pagos de obrigas derivadas de gastos de subvencións e transferencias, capítulos IV e VII, terase en conta a data do recoñecemento da obriga, salvo que na resolución ou acordo de concesión indíquese outra cousa.
- c) En canto ás certificacións de obras, como a mesma se adxunta coa factura, a data de aprobación da factura.
- d) Nas resolucións xudiciais, a data desta, previa comunicación da mesma ao órgano competente e sempre que o Orzamento vixente dispoña de crédito para tal finalidade, ben especificamente ou dentro de bolsa de vinculación xurídica dos créditos. De non

haber crédito, unha vez que sexa executiva a modificación de crédito tramitada para esta finalidade.

- e) Para outro tipo de obrigas diferentes das contempladas, estarase ao que dispoña a súa propia normativa.

A ordes de pagamento deberán ser remitidas á Tesourería Provincial unha vez sexan emitidas. A execución material dos pagos realizarase por orde de entrada das ordes de pagamento na Tesourería Provincial, salvo en situacións de falta de liquidez certa ou estimada, en cuxo caso haberá que estar á orde de prioridade establecida no apartado seguinte.

TERCEIRO.- Orde de prioridade na realización dos pagos en situacións de falta de liquidez.

Non obstante, a regra xeral de antigüidade establecida no apartado anterior, cando as disponibilidades de tesourería, certas ou estimadas, non permitan atender o pago da totalidade das obrigas recoñecidas vencidas e esixibles, na execución material dos pagos, establécese a seguinte orde de prioridade:

1ª) Gastos de operacións de crédito (capítulos 3 e 9)

As disposicións de fondos correspondentes á carga financeira da entidade que constan nos capítulos 3 e 9 do Orzamento de gastos axustaránse ós vencimentos establecidos nos cadros de amortización dos préstamos e créditos a curto e longo prazo.

Estos pagos serán atendidos con carácter preferente respecto a calquera outro gasto, en cumprimento do disposto no artigo 135 da Constitución Española, reformado o 27 de setembro de 2011, e o artigo 14 da LOEPSF.

2ª) Gastos de persoal (Capítulo 1)

Os pagos desta natureza serán satisfeitos pola seguinte orde:

- a) Pagos das retribucións aos empregados da entidade local calquera que sexa o concepto polo que se satisfán, incluídos dietas e gastos de desprazamento.
- b) Pagos das retencións, tributarias ou de calquera outro tipo, practicadas na nómina.
- c) Pago de prestacións sociais realizadas en cumprimento dunha disposición legal ou voluntariamente.

3ª) Cotas sociais e tributos á A.E.A.T.

Pago das achegas da entidade aos Réximes da Seguridade Social ou outros especiais, así como os pagos á Axencia Tributaria por tributos retidos ou repercutidos a terceiros.

4ª) Pagos derivados de execución de sentenzas xudiciais firmes e de actos firmes de devolución de ingresos indebidos.

5ª) Pagos de operacións comerciais de exercicios anteriores (Capítulos 2 y 6).

Os pagos de obrigas contraídas en exercicios anteriores como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas e a Administración, de conformidade co disposto no artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Inclúense neste apartado as obrigas recoñecidas mediante expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito.

6ª) Pagos de operacións comerciais de exercicio corrente (Capítulos 2 y 6).

Os pagos de obrigas contraídas no exercicio corrente como contraprestación nas operacións comerciais realizadas entre empresas e a Administración, de conformidade co disposto no artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

As dietas por asistencias a órganos colexiados e a Tribunais terán a mesma consideración que os gastos por operacións comerciais do exercicio corrente.

7ª) Subvencións (Capítulos 4 e 7) e outros pagos non incluídos en apartados anteriores.

CUARTO.- Excepcións.

Quedan exceptuadas da aplicación deste Plan de Disposición de Fondos, sen que supoña unha quebra á orde de prelación a realización de:

- Os pagos que se realicen en formalización, como as compensacións.
- Os pagos de obrigas con orixe en gastos financiados con ingresos afectados que, por disposición legal ou por convenio, o seu financiamento constitúa tesouraría separada.
- Os pagos que por esixencia legal deben ser realizados para a eficacia de obrigas e contratos.
- Os pagos que correspondan aos espectáculos nos que o contrato imponha o pago no día de execución da prestación, ou nos que o artista vaia “a taquillaxe” polo importe do recadado. Enténdese incluídos neste apartado as atraccións de Pazolandia.
- Os anticipos de Caixa fixa e Pagos a xustificar.
- Premios e becas.
- Transferencias a favor de organismos autónomos ou outros entes dependentes da Diputación Provincial de Ourense.
- As devolucións de fianzas e depósitos en metálico.
- Pagos orixinados por actos firmes de devolución de ingresos derivados da normativa do tributo e por pagos derivados de ingresos duplicados ou excesivos.

QUINTO.- Criterios de aplicación.

1. Tramitación e pago en prazo de facturas: Para os efectos da súa tramitación e adecuado pago no prazo establecido no artigo 198.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, todas as facturas terán que presentarse na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso (artigo 3 da Lei 25/2003, de 27 de decembro). Unha vez recepcionadas as facturas, o servizo responsable disporá de 8 días para a súa tramitación e conformidade, de acordo co establecido nas Bases de Execución do Orzamento, para cumprir o prazo de abono das obrigas contraídas pola Entidade Provincial dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou dos documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos bens entregados ou servizos prestados.
2. Resolucións motivadas: Tendo en conta o disposto no artigo 107.2 da Lei Xeral Orzamentaria, en canto á introdución da flexibilidade que o mesmo realiza referente á expedición de ordes de pago, e, por tanto, na realización material do mesmo, ao estipular que “o ordenador de pagos aplicará criterios obxectivos na expedición das ordes de pago, tales como data de recepción, o importe da operación, aplicación orzamentaria e forma de pago, entre outros”, establécense os seguintes criterios para flexibilizar as ordes de pago e a súa materialización.

Mediante resolución motivada o ordenador de pagos poderá ordenar o pago de obrigas non preferentes correspondentes aos seguintes gastos:

- a) O ordenador de pagos poderá ordenar o pago de obrigas non preferentes correspondentes a gastos que se consideren esenciais para o correcto funcionamento da actividade provincial ou de determinados servizos a concellos ou ó cidadán, ou cando o atraso dun determinado pago puidese afectar substancialmente o mantemento da capacidade produtiva e do nivel de emprego do acreedor respectivo, deixando constancia formal diso na correspondente orde de pago.
- b) Gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades esenciais e básicas da entidade, así como aqueles que evitan a non interrupción dos servizos públicos.
- c) Gastos en transferencias para atencións de carácter benéfico-asistencial e para atención a grupos con necesidades especiais.
- d) Gastos que se teñan que realizar por disposicións legais, cuxa non realización suporía un quebranto e unha ilegalidade ou demora no procedemento administrativo, ou por tratarse de expedientes suxeitos a prazo, tales como publicacións nos boletíns oficiais ou prensa, pago de notarios, rexistradores, etc. Os presentes pagos deben respectar, en todo caso, o privilexio dos pagos incluídos nos niveis de prioridade primeiro, segundo, terceiro e cuarto do apartado TERCEIRO.

3. Cando se trate de gastos financiados con subvencións finalistas nos que o cobro das mesmas estea condicionado á xustificación do pago dos citados gastos ou en caso de reintegro de subvencións cuxa xustificación sexa necesaria para a obtención da concesión ou cobro doutras subvencións, poderase alterar a orde de prelación dos pagos coa exclusiva finalidade de xustificar aqueles, respectando en todo caso, o privilexio dos pagos incluídos nos niveis de prioridade primeiro, segundo, terceiro e cuarto.
4. Unha vez recoñecida a obriga ou estendido ou ordenado un pago, este deberá atenderse pola Tesourería provincial en función das disponibilidades de liquidez. Se por calquera circunstancia non se desexa que se faga efectivo, será preciso informe ou dilixencia do ordenador de pagos, coa motivación necesaria, en tal sentido.
5. Como norma xeral, salvo supostos de compensación, embargos xudiciais ou similares legalmente contemplados, non se efectuarán pagos parciais de facturas.
6. Como norma xeral, non se admitirá a domiciliación en conta como forma de pago. Como excepción a esta regra xeral, admitirase a domiciliación bancaria cando o estableza a normativa como forma de pago para acceder a aprazamentos ou fraccionamentos das cotas e impostos que deban satisfacerse a outras Administracións (TXSS, AEAT...), nos contratos bancarios, financeiros ou similares que establezan tal requisito ou nos que resulte habitual no tráfico mercantil (tales como amortización de préstamos, telepeaxes ou tarxetas de combustible), así como no pago de tributos locais.

SEXTO: Ordenación dos pagos.

1. As ordes de pago expediranse en función das disponibilidades de liquidez existentes e do Plan de Disposición de Fondos.
2. Os responsables da sinatura de conformidade das facturas ou documentos cobratorios, de conformidade co establecido nas Bases de Execución do Orzamento, ao obxecto de dar cumprimento ós prazos de pagamento establecidos na normativa vixente, disporán de 8 días a partires da entrada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso para dar a correspondente conformidade e remitir a mesma ó Servizo de Intervención para a súa fiscalización.
3. Como regra xeral, e en función da operativa que marque a Tesourería provincial por razóns sistemáticas e de operatividade, realizaranse pagos de forma colectiva, coa periodicidade que tal dependencia estableza, tentando, sempre que as disponibilidades de liquidez permitan, cumprir cos prazos legais establecidos, sen prexuízo dos pagos que teñan que atenderse e tramitarse de forma individual.

4. O Servizo de Contabilidade expedirá as propostas de pagos en relación contable en función ao previsto no presente Plan. Se non hai restricións de liquidez, as relacións de pago remitiranse por todas as facturas e documentos que estean fiscalizados pola Intervención Provincial en cada caso.

DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA.

Polo Deputado Delegado da Área de Facenda poderán ditarse instrucións de desenvolvemento do presente Plan.

DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA. Entrada en vigor.

O presente Plan de Disposición de Fondos, de conformidade co disposto no artigo 131 da Lei de 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, publicarase no Boletín Oficial da provincia de Ourense, entrando en vigor o día seguinte da súa publicación e mantendo a súa vixencia ata que sexa declarado ineficaz por norma posterior de igual ou superior rango. Publicarase tamén no portal de transparencia da Deputación.

Polo exposto, DISPOÑO:

Aprobar o Plan de Disposición de Fondos da Deputación Provincial de Ourense e publicar o texto íntegro do mesmo no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e no portal de transparencia da Deputación.

Así o dispón e o asina a Presidencia, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.